

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 12 de abril de 2023 pola que se convoca unha xornada sobre intervención con menores.*

A atención á infancia e á adolescencia constitúen unha prioridade para as administracións públicas. Por iso e tendo en conta a realidade social, reflectida no aumento dos delitos cometidos por menores e sobre menores, un colectivo vulnerable que necesita unha especial dedicación, así como o notable aumento de suicidios e autolesións, faise necesaria unha formación actualizada e unha sensibilización entre o persoal das forzas e corpos de seguridade, o persoal de xudicatura, fiscalía e avogacía, e do persoal dos servizos sociais, entre outros. Por tanto, dentro das actividades programadas para o ano 2023, ao abeiro das funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dunha xornada sobre intervención con menores, cuxo obxectivo principal é abordar a problemática máis importante en relación coa intervención xurisdiccional con menores, así como a sensibilización no trato con menores.

1. Datos da actividade.

Denominación: xornada sobre intervención con menores.

Tipo: xornada.

Horas lectivas: 4 horas.

Modalidade: presencial.

Data: 5 de maio de 2023.

2. Persoas destinatarias.

Persoal das forzas e corpos de seguridade, xudicatura, Ministerio Fiscal e demais persoal interesado.

Prazas ofertadas: sen límite.



Programa:

Das 10.00 ás 10.15 horas. Inauguración.

Das 10.15 ás 12.00 horas. Xurisdición penal de menores: problemática policial e xudicial.

Das 12.30 ás 13.30 horas. Educar a mellor prevención: saúde mental infanto-xuvenil e aspectos relevantes na educación e trato dos menores.

Das 13.30 ás 14.00 horas. Debate e cuestións.

3. Solicitudes de participación.

a) O persoal que desexe participar no curso convocado nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp <http://agasp.xunta.gal>

Non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.

b) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano, computado desde o momento en que se detecte o feito.

c) É obrigatorio consignar no formulario de solicitude un número de teléfono móbil e un correo electrónico co fin de poder realizar as notificacións necesarias.

d) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, que non se axusten ao formulario de solicitude ou que sexan presentadas fóra de prazo.

e) Prazo para presentar as solicitudes.

O prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 3 de maio de 2023.

4. Formulario normalizado de solicitude.

a) O formulario de solicitude a que se refire a base anterior deberá ser cuberto pola persoa solicitante necesariamente a través da páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública, dispoñible no enderezo da internet <http://agasp.xunta.gal>



b) Para cubrir correctamente o formulario de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda, que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes.

c) O formulario de solicitude poderá ser cuberto ata as 14.00 horas da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

d) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Agasp a través do número de teléfono 886 20 61 10 ou do enderezo de correo electrónico [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal), que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

A Agasp publicará diariamente a listaxe de persoas admitidas desde o día 27 de abril de 2023 no sitio web [agasp.xunta.gal](http://agasp.xunta.gal).

Obrigas das persoas admitidas.

As persoas que resulten seleccionadas teñen a obriga de participar no desenvolvemento da actividade, agás que comuniquen a súa imposibilidade de asistencia con 48 horas como mínimo de antelación ao comezo desta. Esta renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, a través do correo electrónico, ao enderezo [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal)

No caso contrario, serán excluídas automaticamente da selección para as dez seguintes actividades que se convoquen para as cales reúnan os requisitos exixidos de participación (artigos 18 e 21 do Regulamento de réxime interior da Agasp, en relación co artigo 46 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro).

#### 5. Desenvolvemento da actividade.

Lugar: sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

Datas: 5 de maio de 2023.

Horario: das 10.00 ás 14.00 horas.

#### 6. Dereitos e deberes das persoas participantes.

Durante o desenvolvemento da actividade ás persoas participantes seralles de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da



Agasp, aprobado mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de febreiro de 2009 (DOG núm. 30, do 12 de febreiro).

#### 7. Modificacións e incidencias.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 12 de abril de 2023

Santiago Villanueva Álvarez  
Director da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: 6b5jpsc2-6zcc5-elm8-coi4-14yudx2cncu4

